

Un rapaz chamado Xurxo

Érase unha vez un rapaz chamado Xurxo, que era moi traveso e sempre andaba tramando falcatuadas. Protestáballe ao profesor, pelexaba cos compañeiros, rompía obxectos..., e o peor de todo é que sempre quería ter a razón. Cando lle chamaban a atención Xurxo dicía: "Eu non fun, eu non fun".

Pero no fondo Xurxo non era mal rapaz. O único que quería era facerse valente, porque pensaba que así sería o líder de todos. El non se decataba de que o que conseguía era que todos os nenos se afastasen del, xa que sempre andaba metido en liortas.

Nunca facía os deberes e entón o profesor castigouno unha e outra vez. Un día chegou onda a súa nai e faláron sobre o tema e os dous chegaron a un acordo. A súa nai díxolle que se facía os deberes sacaríao das actividades e podería ir ao parque, á praza, á casa dos seus amigos, etc... Durante un tempo foi facendo os deberes pero... ao cabo dun certo tempo volveu ao mesmo, e agora ademais axudábase de mentiras. ¿ que pasou ?



Andrés, o seu amigo, deulle un bo consello. Díxolle que coas mentiras non ía arranxar nada, que lembrase o trato coa súa nai e que o tivese moi en conta. Xurxo quedou tan pensativo do consello do seu amigo que decidiu facer todos os días os deberes. Pouco a pouco foi collendo ese bo hábito e tanto o profesor coma os compañeiros estaban abraiados do cambio de Xurxo. Foi felicitado polo profesor e polos seus pais polo seu traballo e o seu bo comportamento.

Terceiro de Educación Primaria